

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Decreto 97/2010, do 10 de xuño, polo que se modifica o Decreto 33/2007, do 1 de marzo, polo que se crea a Unidade de Muller e Ciencia de Galicia.*

A Unidade de Muller e Ciencia créase coa finalidade de incrementar a presenza das mulleres nos ámbitos científico e tecnolóxico de Galicia, promover a eliminación dos desequilibrios que poidan existir no relativo á formación científica, no eido da investigación e innovación e na xestión da I+D+i, así como situar nos estudos e actividades científicas a perspectiva de xénero nun primeiro plano.

Esta unidade configúrase como unha área de traballo interdepartamental estable, dinamizadora e transformadora da ciencia e tecnoloxía galegas. Na composición deste órgano colexiado prevíase a participación de tres departamentos: o competente en materia de igualdade, ao cal está adscrito, o competente en materia de educación e aquel que teña competencias en materia de innovación e industria.

Mediante Decreto 79/2009, do 19 de abril, estableceuse a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e na súa virtude foron aprobados o Decreto 82/2009, do 21 de abril, polo cal se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.

O decreto 325/2009, do 18 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, configura a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica como órgano superior da Administración autonómica, con ámbito de actuación en todas as consellerías, organismos delas dependentes, centros, servizos e unidades, así como sobre os entes e empresas públicas da Administración da comunidade autónoma, a que lle corresponde o impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Por tanto, tendo en conta o papel relevante que xogan as novas tecnoloxías da información e comunicación na sociedade actual e a conveniencia da introdución da perspectiva de xénero neste ámbito para os fins que persegue a Unidade Muller e Ciencia de Galicia, resulta necesario efectuar unha modificación do Decreto 33/2007, do 1 de marzo, polo que se crea a dita unidade, co obxecto de garantir a participación da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica neste órgano.

De acordo co exposto, en virtude das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, por iniciativa do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, do conselleiro de Economía e Industria, e por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dez de xuño de dous mil dez

#### DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación do Decreto 33/2007, do 1 de marzo, polo que se crea a Unidade de Muller e Ciencia de Galicia:

1. O artigo 3º queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 3º.-Membros da Unidade de Muller e Ciencia.

A Unidade de Muller e Ciencia estará constituída polos seguintes membros:

- a) Presidenta/e.
- b) Vicepresidenta/e primeira/o.
- c) Vicepresidenta/e segunda/o.
- d) Vicepresidenta/e terceira/o.
- e) Secretaria/o.
- f) Vogais».

2. O artigo 5º queda redactado como se indica a continuación:

«Artigo 5º.-Vicepresidencias.

1. A vicepresidencia primeira será exercida pola consellería competente en materia de educación e ordenación universitaria a través dun/dunha representante con rango mínimo de director/a xeral.

2. A vicepresidencia segunda corresponderalle á consellería competente en materia de innovación e industria, que exercerá a competencia a través dun/dunha representante con rango mínimo de director/a xeral.

3. A vicepresidencia terceira será exercida polo departamento competente en materia de modernización e innovación tecnolóxica, a través dun/dunha representante con rango mínimo de director/a xeral.

4. As persoas que desempeñen as vicepresidencias substituirán, pola orde en que aparecen mencionadas, a presidenta/e nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou calquera outra causa legal».

3. No artigo 7º inclúense as letras d) e h) coa seguinte redacción:

«d) Dúas persoas funcionarias do departamento competente en materia de modernización e innovación tecnolóxica, unha con rango de subdirector/a xeral e outra con rango de xefa/e de servizo».

«h) Unha persoa experta no ámbito científico e tecnolóxico de carácter profesional, proposta polo departa-

tamento competente en materia de modernización e innovación tecnolóxica».

As letras d), e), f) e g) existentes pasan a identificarse coas letras e), f), g) e i) respectivamente.

4. O artigo 12.1º pasa a ter a seguinte redacción:

«1. O pleno estará formado polas persoas que desempeñan a presidencia, as tres vicepresidencias, a secretaría e a totalidade de vogais que figuran no artigo 7º deste decreto».

5. Modifícase o artigo 13 nos seus puntos 2 e 3, que quedan redactados como se indica a continuación:

«2. As comisións de traballo serán presididas polas persoas expertas relacionadas nas letras e), f), g) e h) do artigo 7º, formando parte delas un mínimo de dous vogais do pleno.

3. Os departamentos competentes en materia de igualdade, educación e ordenación universitaria, innovación e industria e modernización e innovación tecnolóxica proporcionarán o persoal de apoio necesario para o funcionamento destas comisións».

#### *Disposición derradeira*

Única.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dez de xuño de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela  
Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

## CONSELLERÍA DO MAR

*Orde do 16 de xuño de 2010 pola que se modifica a Orde do 5 de xuño de 2008, pola que se regula a captura e desembarque de determinadas especies peláxicas.*

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro establece no seu artigo 7 que lle corresponde á consellería competente en materia de pesca, logo da audiencia do sector, a adopción das seguintes medidas: «d) Regulación directa do esforzo de pesca e marisqueo coa limitación da capacidade de pesca ou do tempo de actividade» e «f) A regulación indirecta do esforzo de pesca e marisqueo coa limitación do volume de capturas».

A Orde do 5 de xuño de 2008 pola que se regula a captura e o desembarque de determinadas especies peláxicas establece no seu artigo 2 un tope máximo diario de xarda (*Scomber scombrus*) de 1.500 kg tripulante/día para os buques de cerco, así mesmo no seu artigo

3 establece un tope máximo diario de xarda de 1.000 kg tripulante/día, para os buques de artes menores.

Do mesmo xeito a Orde ARM/2091/2008, do 8 de xullo, pola que se regulan as capturas e desembarques de xarda do Caladoiro Nacional do Cantábrico e Noroeste, no artigo 2 relativo ao volume de capturas e desembarques diarios, establece o tope máximo do volume de capturas para a modalidade de cerco, no artigo 2 b) en 1.500 kg/tripulante embarcado e para as artes menores de anzó e restos das modalidades pequenas, artigo 2 c) en 1.500 kg/tripulante embarcado.

A Orde ARM/271/2010, do 10 de febreiro, pola que se establecen os criterios para a repartición e a xestión das cotas de xarda e se regula a súa captura e desembarque, establece no seu artigo 3.1.2º b) que a porcentaxe da cota do *stock* de xarda (*Scomber scombrus*, 8C3411) de que pode dispoñer a frota de cerco é 27,73%, do cal un 7% (é dicir, 476 toneladas para 2010) se destinará aos buques desta modalidade, con arqueo igual ou inferior a 50 GT, para as capturas de xarda que se realicen durante o segundo semestre de cada ano.

A Orde ARM/1054/2010, do 23 de abril, pola que se modifica a Orde ARM/271/2010, do 10 de febreiro, pola que se establecen os criterios para a repartición e a xestión da cota de xarda e se regula a súa captura, establece que o volume de capturas de xarda para os buques de cerco pertencentes ao Cantábrico-Noroeste con arqueo igual ou inferior a 50 GT, queda establecido para o segundo semestre do ano 2010 en 700 kg por buque e día, así mesmo que a cota adicional de xarda de que dispón España no 2010 conseguida a través dun intercambio con outro Estado membro, se destinará unicamente aos buques do caladoiro Cantábrico-Noroeste pertencentes a outras artes distintas do arrastre de fondo ou cerco, e que o volume de captura desta especie, por buque e marea, non poderá exceder o 10% do total desembarcado en cada marea.

Dado que os topes de xarda establecidos para as frotas de cerco e artes menores na Orde do 5 de xuño de 2008 antes mencionada é moi superior aos límites marcados na Orde ARM/1054/2010 do 23 de abril, cómpre modificar a mencionada orde para adecuar os topes de captura nela establecidos e así manter os mesmos criterios de volume de capturas tanto para augas exteriores coma interiores.

Por todo o anterior, logo da consulta co sector afectado, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños da Consellería do Mar,

#### **DISPOÑO:**

Artigo único.-Modificación da Orde do 5 de xuño de 2008 pola que se regula a captura e o desembarque de determinadas especies peláxicas.

A Orde do 5 de xuño de 2008 pola que se regula a captura e o desembarque de determinadas especies peláxicas queda como segue: